

Lampai Merece Máis!



Eloi Devesa, candidato á Alcaldía

Lampai

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, **desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Lampai...

- ▶ Prestaremos especial atención ao coidado, asfaltado e mantemento de todas as pistas.
- ▶ Negociaremos coa Deputación para conseguir a ampliación da estrada entre Pazos e Luou.
- ▶ Investiremos na conservación dos espazos públicos que rodean a Casa Común, para habilitar unha senda entre esta e a igrexa, no Mosteiro.
- ▶ Negociaremos coas empresas do servizo de transporte o horario dos autobuses, coa finalidade de atender as necesidades efectivas dos veciños e veciñas.
- ▶ Completaremos o cambio do alumeneamento público da parroquia ao sistema de díodos emisores de luz (led).
- ▶ Promoveremos un proxecto para dotar a parroquia do abastecemento de auga municipal.
- ▶ Investiremos recursos para conseguir completar a rede de saneamento da parroquia na aldeas que aínda agardan por el (Veitureira e Vilar do Bispo).

Máis Concellos BNG!

- ▶ Promoveremos o desbroce e a limpeza do regueiro, da zona de petróglifos e dos vellos muíños, para por en valor os elementos culturais e naturais da parroquia.
- ▶ Negociaremos coas empresas de telefonía para aumentar a cobertura dos móbiles, que segue a ser moi escasa na actualidade. Incidiremos especialmente na instalación de fibra en Veitureira.
- ▶ Fomentaremos o autoconsumo e ao desenvolvemento de comunidades enerxéticas autosostibles.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Lampai avance** con Teo.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

LAMPAI